



**BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DO PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE CINCO PERSOAS DESEMPREGADAS, AO AMPARO DA ORDE DO 27 DE DECEMBRO DE 2023 (DOG núm. 17 do 24 de xaneiro de 2024), DA CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE, PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA).**

**BASE PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA**

As presentes bases regulan o procedemento selectivo para a contratación de cinco persoas desempregadas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social (RISGA) para o programa denominado “Mellora e Acondicionamento de Espazos Públicos Verdes”, ao abeiro da Orde do 27 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), e se aproba a súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento TR351F), publicada no DOG. Núm. 17 de 24 de xaneiro do 2024, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, para levar a cabo obras ou servizos de interese social e utilidade colectiva que sexan competencia das entidades locais, tal como establece a citada orde, subvención da actual Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, concedida a esta entidade a través de Resolución de data 10 de maio 2024 (núm. de expdte. TR351F 2024/00000017-5),

**BASE SEGUNDA. TIPO DE CONTRATO**

Efectuada a selección das persoas traballadoras, o Concello das Neves procederá á súa contratación utilizando a modalidade de contrato de traballo vinculado a programas activos de emprego.

**BASE TERCEIRA. DURACIÓN DO CONTRATO, SALARIO E XORNADA LABORAL**

As prazas ofertadas, teñen as seguintes características:

- *Cinco peóns forestais:*
  1. Duración: nove meses
  2. Xornada: Tempo parcial, 75% da xornada laboral
  3. Retribucións Salariais:  
Salario Bruto mensual, incluída prorrata pagas extras: 992,25 €

O carácter temporal destas prazas, unido á necesidade de que a selección se faga dentro dos prazos sinalados pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, fai que se aproben os seguintes criterios para a selección do persoal, que en todo caso garanten suficientemente os





principios de igualdade, mérito e capacidade,

#### **BASE CUARTA. REQUISITOS:**

- a) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadada a idade de xubilación forzosa.
- b) Posuír capacidades funcionais necesarias para o desempeño das tarefas que se van a realizar.
- c) Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- d) Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- e) Para os nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público; non obstante, se non é cidadán membro da Unión Europea, deberá, posuí-lo permiso de traballo necesario, de acordo co establecido na Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.
- f) Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.
- g) De acordo có establecido no artigo 13 d) da Orde 27 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), *“As persoas traballadoras que se contraten deberán ser, en todo caso, persoas perceptoras da Risga e estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato. Terán preferencia, en todo caso, as persoas perceptoras da Risga que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral, as maiores de 45 anos e as que teñan cargas familiares”*

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.

#### **BASE QUINTA. PUBLICIDADE**

As presentes bases estarán expostas ao público no taboleiro de anuncios do Concello, na sede electrónica do Concello: <http://concelloasneves.sedelectronica.gal>, e na súa páxina web ([www.asneves.gal](http://www.asneves.gal)), O taboleiro de anuncios da Casa do Concello e a súa Sede electrónica, será igualmente, o medio para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.





### **BASE SEXTA.SISTEMA DE SELECCIÓN:**

O Concello de As Neves presentará a correspondente oferta de emprego na Oficina de Emprego de Pontearreas, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir os/as traballadores/as que se contratarán.

A Oficina de Emprego notificará ás persoas candidatas preseleccionadas a oferta de emprego e nesta notificación achegaralle información da documentación que se presentará no Concello.

A Oficina de Emprego remitirá ao Concello de As Neves o listado coas persoas candidatas propostas e notificados, que será trasladado ao Tribunal de selección.

A selección realizarase mediante o sistema de concurso, no que se valorarán os méritos presentados polos/as aspirantes de conformidade co recollido nas presentes bases.

### **BASE SÉTIMA.- DOCUMENTACIÓN E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

As solicitudes formalizaranse no modelo de instancia que se xunta a estas bases e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello. A persoa candidata deberá presentar, como data límite, no día en que sexa convocados pola Oficina de Emprego, a documentación requirida para poder participar no proceso selectivo.

#### **Documentación xeral a presentar:**

- Instancia no modelo normalizado que figura como anexo I .
- DNI ou documento que acredite a súa nacionalidade.
- Declaración xurada de cumprir-los requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade previstas na lexislación vixente. (Anexo II)
- Declaración de responsabilidades familiares (Anexo III), se fora o caso.
- Acreditación documental xustificativa dos méritos alegados (certificados, documentación acreditativa de cursos, obradoiros de emprego, escola taller, etc.).

#### **Outra documentación acreditativa para a baremación dos méritos:**

- Sentenza de separación ou divorcio, se fose o caso.
- Libro de familia, se fose o caso.
- Documento acreditativo dos períodos de inscrición como desempregado/a emitido pola Oficina de Emprego.

As persoas candidatas quedan vinculados ós datos que fixeran constar na súa solicitude, se ben os erros aritméticos, materiais ou de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse no prazo outorgado ao efecto, ben de oficio, ben a instancia de parte.

### **BASE OITAVA. DESENVOLVEMENTO E FORMA DA FASE DE VALORACIÓN DE MÉRITOS:**

Os méritos que se terán en conta para a cobertura das prazas, serán os seguintes:



**A.- Circunstancias persoais:**

Para a baremación dos méritos terase en conta o establecido no artigo 13 d) da Orde do 27 de decembro, polo que terán preferencia, en todo caso, as persoas perceptoras de Risga que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral e os maiores de 45 anos e os que teñan cargas familiares.

1.- **Existencia de responsabilidades familiares cun máximo de 1,75 puntos**, e entendéndose por estas, ter a cargo da persoa desempregada e sen percibir ningún tipo de ingresos: o/a cónxuxe, fillo/as menores de 26 anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores acollidos/as. Valorarase, 0,25 puntos por cada persoa ó seu cargo, previa acreditación documental.

Os méritos incluídos neste apartado deberán xustificarse achegando fotocopias do libro de familia, xustificante de convivencia expedido polo Concello e calquera outra documentación que acredite a existencia destas responsabilidades, ademais a discapacidade deberá xustificarse achegando fotocopia do certificado que acredite a incapacidade.

2.- **Persoas que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral: 1,50 punto.**

3.- **Maiores de 45 anos: 1,50 punto.**

4.- **Situación de desemprego** para os candidatos que leven máis dun ano en situación de desemprego: máximo **0,50** puntos, en razón de 0,15 puntos por cada 6 meses en situación de desemprego (computándose a partir do primeiro ano mínimo para a baremación deste mérito). Acreditarase mediante certificado de períodos de inscrición pola Oficina de Emprego.

**B.- Formación Profesional.** Pola participación en cursos, xornadas, congresos, seminarios, impartidos pola Escola Galega de Administración Pública ou calquera outro organismo competente para impartilos, sempre que teñan relación coas funcións propias do posto de traballo (non se valorará a estes efectos os cursos que se consideren repetidos por ter un contido substancialmente igual, valorándose nestes últimos casos só o de máis nivel e duración), ata un máximo de **1,50 puntos**, baremados do seguinte modo:

- Cursos ata 20 horas: 0,10 puntos por curso
- Cursos de 21 a 40 horas: 0,15 puntos por curso
- Cursos de 41 a 100 horas: 0,20 puntos por curso
- Cursos de de 101 a 250 horas: 0.25 puntos por curso
- Cursos de de 251 a 500 horas: 0.35 puntos por curso
- Cursos de máis de 500 horas: 0,50 puntos por curso
- Programas formativos de alternancia Formación-Emprego, rematados satisfactoriamente (tipo Obradoiros de Emprego ou Escolas-Taller): 1 punto
- Por xornadas, seminarios ou congresos, ou cursos nos que non veñan especificados o nº de horas: 0.05 puntos por curso ou xornada

Para a acreditación destes méritos terá que aportarse certificación ou copia cotexada do diploma expedido pola entidade organizadora.

**C.- Coñecemento de galego: máximo 0.25 puntos .**





Polo coñecemento acreditado do idioma galego (só se valorará o grao superior alegado).

- Por estar en posesión do CELGA 1 ou equivalente: 0.10 puntos
- Por estar en posesión do CELGA 2 ou equivalente: 0.15 puntos.
- Por estar en posesión do CELGA 3 ou equivalente: 0.20 puntos.
- Por estar en posesión do CELGA 4 e superiores ou equivalentes: 0.25 puntos.

#### **D.- Entrevista persoal ou proba práctica:**

Tódalas persoas candidatas deberán realizar unha entrevista ou proba práctica, cos membros da Comisión de Selección na que se tratarán aspectos relacionados coas funcións a desenvolver. A presentación á entrevista ou proba de selección é de obrigado cumprimento para a valoración do proceso selectivo.

#### ***Puntuación máxima deste apartado 3,00 puntos***

En caso de empate contratarase á persoa que acredite maior antigüidade na situación de desemprego.

#### **BASE NOVENA. TRIBUNAL DE SELECCIÓN:**

*Tal como establece o artigo 13 c) da Orde do 9 de xaneiro de 2023, a selección das persoas traballadoras que se contraten será realizada pola entidade beneficiaria, que actuará de conformidade cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación. Tanto a oferta como o proceso de selección utilizarán unha linguaxe inclusiva, e porán especial atención á eliminación dos estereotipos e posibles condutas discriminatorias por razón de xénero.*

O tribunal que xulgará os méritos alegados no concurso e a entrevista ou proba práctica, que terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros (presidente/a, secretario/a, con voz e voto e tres vogais).

Os membros do Tribunal terán igual ou maior titulación ca esixida as persoas aspirantes ás prazas convocadas.

O tribunal poderá dispor a incorporación, ós seus traballos, de asesores especialistas, quenes se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ó Sr. Alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas de acordo co establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

De acordo co establecido no artigo 60 do texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza de máis da metade dos seus membros. En todo caso, será precisa a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a ou das





persoas en quen deleguen.

O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

A composición efectiva do tribunal determinada pola Sr. Alcalde, farase pública no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na súa sede electrónica.

**BASE DÉCIMA.-** Valorados tódolos méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas, a Comisión formulará a correspondente proposta de designación a favor das persoas candidatas que obtivesen a maior puntuación. No caso de renuncia ao posto da persoa seleccionada, procederase ó chamamento da seguinte persoa, por rigorosa orde de puntuación.

En todo caso a substitución de traballadores e traballadoras, regularase polo establecido no artigo 14 da *Orde de 27 de decembro de 2023*.

*1. Con carácter xeral, cando se produza a extinción do contrato antes de que remate o período de tempo tomado como referencia para o cálculo da subvención, a entidade beneficiaria poderá contratar outra persoa en substitución daquela que causou baixa durante o tempo que falte para que remate o período subvencionado, sempre que a contratación se produza dentro dos 30 días seguintes ao da baixa na Seguridade Social da inicialmente contratada.*

*2. No suposto de baixas temporais por causas que se prevexa que sexan de longa duración, superior a 30 días, a substitución só será posible logo de autorización expresa da xefatura territorial correspondente por solicitude fundamentada da entidade contratante.*

*3. A nova contratación deberá cumprir os requisitos esixidos na orde de convocatoria para as contratacións iniciais subvencionadas, agás a de que o contrato teña unha duración de 9 meses, e deberá ser notificada á xefatura territorial, indicando a causa da baixa, nun prazo máximo de 15 días desde a correspondente contratación.*

O Sr. Alcalde procederá a asinar coas persoas seleccionadas, utilizando necesariamente a modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego.

### **BASE UNDÉCIMA. INTERPRETACIÓN DAS BASES.**

As presentes bases vinculan á Administración Local convocante, á Comisión de Selección e as persoas candidatas que participen no proceso. A Comisión queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolver as dúbidas e incidencias que plantexen a súa aplicación, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas naqueles aspectos non regulados na presente convocatoria.

### **BASE DUODÉCIMO. NORMA FINAL.**

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Do mesmo xeito, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.







ANEXO I  
MODELO DE INSTANCIA

Nome e apelidos	
DNI	
Enderezo	
Localidade	
Provincia	
Teléfono	

Recibindo convocatoria do Servizo Público de Emprego, para a selección do posto de peón forestal, *contratado ao abeiro do Orde 27 de decembro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga),*

**DECLARA:**

- a) Que coñezo e acepto integramente o contido das bases de convocatoria, e reúno todas e cada unha das condicións esixidas nas mesmas, facéndome responsable da veracidade da documentación que achego.
- b) Que solicito ser admitido/da a esta selección e comprométome a someterme ás Bases que o regulan.
- c) Que me comprometo a aportar no seu día os documentos acreditativos que se me requiran.
- d) Que autorizo expresamente ó Concello de As Neves a emitir volante de convivencia, se fose o caso.

Polo exposto e declarado,

**SOLICITA:** Que tendo por presentada esta solicitude e documentación que achega coa mesma, sexa admitido/a ao proceso selectivo indicado.

Documentos que achega coa instancia:

DNI ou documento que acredite a súa nacionalidade.

Declaración Xurada, conforme Anexo II,

Declaración de responsabilidades familiares, se fose o caso.

Acreditación documental xustificativa dos méritos alegados.





## Protección de Datos

### **INFORMACIÓN ADICIONAL (LEXITIMACIÓN ART. 6.1.A. REGULAMENTO XERAL DE PROTECCIÓN DE DATOS E CONSENTIMENTO) Concello das Neves (Responsable do Tratamento)**

(\*)Presto o meu consentimento para a xestión desta solicitude e actuacións administrativas pertinentes, así como do tratamento de datos para poder formar partes do proceso selectivo para o posto ofertado, tanto dos datos da propia solicitude así como da documentación que achego, acepto que ditos datos sexan utilizados para as actuacións administrativas pertinentes e o envío de información de interese xeral, tamén son informado/a neste intre e nas bases desta convocatoria en canto o tratamento e custodia dos datos persoais recabados polo Responsable de Tratamento e digo aceptar o fin da xestión de selección de persoal e a información básica sobre protección de datos deste Responsable de Tratamento (Concello das Neves), sendo a lexitimación o consentimento do/a solicitante.

**Información relativa a tratamento e Protección de Datos (RXP) e (LOPDGDD):** En cumprimento da **Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD)** e da normativa de Protección de Datos tendo en conta as disposicións do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, e os respectivos artigos 13 e 14 do citado RXP, informámoslle que os seus datos, serán incorporado o **Registro de Actividades de Tratamento de Persoal**, o tratamento dos seus datos farémolo co único fin da xestión e trámite do súa solicitude. No tratamento dos datos aplicaranse as políticas de seguridade que establece o ENS e RXP, información do tratamento que pode consultar en: <https://concelloasneves.sedelectronica.gal/privacy.1> tamén pode exercer os dereitos que establece o RXP dirixindo solicitude a este Responsable de Tratamento en **Praza da Cristiandade 1, AS NEVES (36440) (Pontevedra)** ou vía mail: [concello@asneves.gal](mailto:concello@asneves.gal) a, atención da Delegada de Protección Datos, facendo referencia o dereito que desexa exercer e achegando copia do seu DNI/NIF ou documento que o/a identifique.

(\*) marcar cun X no caso afirmativo.

....., ..... de ..... do 2024

*(Sinatura do/a solicitante)*

SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE AS NEVES





ANEXO II

**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

Nome e apelidos	
DNI	
Enderezo	
Localidade	
Provincia	
Teléfono	

**DECLARO:**

Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico-psíquico que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto e de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, non estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

No caso de ter nacionalidade doutro Estado, declaro igualmente que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente, que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

As Neves, \_\_\_\_\_

Asdo.





Concello

**As Neves**

### ANEXO III: DECLARACIÓN XURADA

D./DNA. \_\_\_\_\_

Enderezo: \_\_\_\_\_

DNI nº. \_\_\_\_\_ Teléfono de contacto: \_\_\_\_\_

Vistas as bases de selección para a contratación dunha persoa para o posto de **peón forestal**, ao abeiro do *Orde 27 de decembro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga)*,

#### DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Que na táboa incluída neste escrito se recolle a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

NOME	DATA NAC.	DNI	PARENTESCO

Que, no caso de non cumprimentar a táboa anterior, é coñecedor/a de que non poderá recibir ningún tipo de puntuación polas cargas familiares recollidas nas bases da convocatoria.

Que mediante a sinatura desta declaración xurada, autoriza a Comisión de Selección, a solicitar, no seu caso, calquera documentación que considere oportuna para acreditar e/ou validar os datos contidos nela.

Que mediante a sinatura deste documento responsabilízase da veracidade de todos os datos que recolle, e asume as posibles consecuencias derivadas da falsidade e/ou ocultación de información.

Vistos estes antecedentes, é polo que:

#### SOLICITA

Se teña por presentada esta declaración xurada como documentación obrigatoria do proceso selectivo referenciado.

As Neves, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024





Concello

**As Neves**

